

Curso académico: 2025/26

200272 - Ferramentas Web Avanzadas

A guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías.

Información da Guía Docente

Código materia: 200272

Titulación: 10013 - Grao en Comunicación Audiovisual

Tipo: Optativa

Curso: 3

Número de ECTS: 6.0

Periodo: Segundo cuatrimestre

Idiomas:

Docencia Expositiva: Grupo 101: Pendente

Docencia Interactiva: Grupo 101: Castelán

Acta: Grupo 1: Pendente

Coordinación titulación: Ana María González Neira

Coordinación materia: María Martínez Pérez

Profesorado: María Martínez Pérez

1. Descrición xeral

Actualmente existen múltiples ferramentas software que nos permiten dotar aos proxectos audiovisuais de mecanismos que facilitan aspectos tan importantes como a correcta edición, organización e publicación de información a través da Web. Entre estas ferramentas teremos: sistemas de xestión de blogs, sistemas de xestión de contidos deseñados para aplicacións específicas, sistemas de xestión orientados a proporcionar capacidades de colaboración directa con outros usuarios, sistemas capaces de integrar todo tipo de arquivos (texto, audio, vídeo) para o seu correcto acceso e visualización en rede, etc. O obxectivo principal desta materia é dar a coñecer ao alumnado a existencia destas ferramentas avanzadas e aprender a administrar algunhas das máis utilizadas para a súa integración na creación e xestión de proxectos audiovisuais.

2. Resultados de formación e aprendizaxe (titulacións RD 822/2021) ou competencias (titulacións RD 1393/2007)

Competencias (titulación RD 1393/2007)

- [A02] Crear produtos audiovisuais.
- [A07] Coñecer técnicas de creación e produción audiovisual.
- [A08] Coñecer a tecnoloxía audiovisual.
- [B08] Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) precisas para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.

- **[C01]** Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
- **[C02]** Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
- **[C03]** Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
- **[C04]** Valorar a importancia que ten a investigación, innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

2.1. Resultados de aprendizaxe (titulacións RD 1393/2007)

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer ferramentas útiles e amplamente empregadas para a creación e xestión de proxectos multimedia	A2 A7 A8	B8	C1 C2 C3 C4
Saber administrar e empregar determinadas ferramentas Web para a súa inclusión en proxectos audiovisuais	A2 A8	B8	C2
Recoñecer termos e funcións propios das tecnoloxías da información e as comunicacións co obxectivo de mellorar a colaboración no desenvolvemento de proxectos complexos nos que participen profesionais de distintas áreas	A7 A8	B8	C2
Deseñar e desenvolver un proxecto multimedia que integre múltiples ferramentas Web tendo en conta aspectos como: as tecnoloxías informáticas existentes, a representación adecuada de datos multimedia, a inclusión de capacidades sociais e de comunicación a través da Web	A2 A7	B8	C1 C2

3. Contidos

Unidade de contido	Descrición	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias	Metodoloxías docentes e actividades formativas	Sistemas de avaliación
Tema	Teoría: - Tecnoloxías para a creación de blogs, foros e wikis - Posicionamento en buscadores: estratexias de visibilidade na rede - Deseño adaptable, navegabilidade e usabilidade web - Plataformas de distribución de vídeo e audio na rede - Xestores de contidos e webs dinámicas			
Tema	Prácticas: - Instalación, configuración e uso de diferentes ferramentas orientadas á xestión de contidos - Realización de diferentes tarefas asociadas aos contidos vistos durante as sesións maxistras - Elaboración dun proxecto propio servíndose de distintas plataformas e no que se incorporarán os diferentes aspectos vistos durante o curso			

4. Metodoloxías docentes e actividades formativas

Modalidade Presencial					
Metodoloxía	Descrición	Horas lectivas presenciais	Horas lectivas virtuais	Horas de traballo autónomo	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
Atención	Levarase a cabo un seguimento das prácticas e	2,00	0,00	0,00	

Metodoloxía	Descrición	Horas lectivas presenciais	Horas lectivas virtuais	Horas de traballo autónomo	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
personalizada [MAG00]	traballos tutelados a desenvolver durante as horas reservadas no horario (sesións de laboratorio). Adicionalmente, para abordar aqueles problemas de especial dificultade, tamén se poderán empregar as franxas horarias dispoñibles para a atención do alumnado.				
Prácticas de laboratorio [MAG21]	- Emprego de ferramentas de xestión de blogs, foros e wikis - Técnicas de posicionamento en buscadores - Deseño adaptable, navegabilidade e usabilidade web - Plataformas de distribución de video e audio na rede - Xestores de contidos e webs dinámicas	13,00	0,00	33,00	A02, A07, A08, B08, C02, C03, C04.
Presentación oral [MAG22]	Exposición pública dos traballos tutelados	2,00	0,00	4,00	A08, B08, C02.
Proba obxectiva [MAG31]	Proba de avaliación dos contidos da materia	1,00	0,00	10,00	A07, A08, B08, C02.
Sesión maxistral [MAG39]	Presentación dos aspectos teóricos da materia	21,00	0,00	21,00	A02, A07, A08, B08, C01, C02, C03, C04.
Traballos tutelados [MAG42]	Elaboración dun proxecto propio servíndose de distintas plataformas e no que se incorporarán os diferentes aspectos vistos durante o curso	3,00	0,00	40,00	A02, A08, B08, C02, C04.
Suma de horas por tipo		42,00	0,00	108,00	
Horas totais				150,00	

5. Avaliación

Modalidade Presencial			
Sistema de avaliación	Descrición	Ponderación (%)	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
Prácticas de laboratorio [SEG21]	Seguemento das prácticas a realizar no laboratorio	30,00	A02, A07, A08, B08, C02, C03, C04.
Presentación oral [SEG22]	Exposición dos traballos tutelados	5,00	A08, B08, C02.
Proba obxectiva [SEG31]	Proba de avaliación dos coñecementos teórico/prácticos da asignatura	40,00	A07, A08, B08, C02.
Traballos tutelados [SEG42]	Avaliarase a calidade dos proxectos realizados nos diferentes aspectos da asignatura	25,00	A02, A08, B08, C02, C04.
Total (%)		100,00	

Todos os aspectos relacionados con dispensa académica, dedicación ao estudo, permanencia e fraude académica rexeranse de acordo coa [normativa académica](#) vixente na UDC.

5.1. Primeira oportunidade

Para aprobar a materia é imprescindible acadar unha nota mínima na parte teórica e práctica. Esta nota mínima será de 4 puntos sobre un máximo de 10 puntos. En caso de non chegar á nota mínima nalgunha das partes, a máxima nota global que

se poderá acadar é dun 4.5.

O alumnado que non concorra á proba obxectiva no período oficial de avaliación obterá a condición de "Non presentado".

Os profesores facilitarán, na medida do posible e dentro dos horarios establecidos para a materia, a asistencia aos grupos de teoría e prácticas que mellor se axusten ás necesidades dos alumnos que teñen a matrícula a tempo parcial, para os que tamén aplica a forma de avaliación aquí establecida. Os alumnos con dispensa académica de exención de asistencia deberán asistir a todas as probas de avaliación.

Tódolos aspectos relacionados con “**dedicación ao estudo**”, “**permanencia**” e “**fraude académica**” rexeranse de acordo coa [normativa académica vixente da UDC](#).”

5.2. Segunda oportunidade

Na segunda oportunidade, o proceso de avaliación será o mesmo que na primeira oportunidade.

5.3. Oportunidade adiantada

Na oportunidade adiantada, o proceso de avaliación será o mesmo que na primeira oportunidade.

5.4. Dispensa académica

Tódalas actividades que compoñen a avaliación poderán ser dispensables no caso de que o alumnado cumpla con alguna das situacións co permiten. Ademais terase en conta si é posible, as necesidades propias do alumnado, para o plantexamento das actividades novamente propostas. Normativa dedicación al estudio y dispensa académica (CG 28/05/2025). Acceso á normativa: https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2025/005723

6. Bibliografía recomendada

Bibliografía Básica

- Enge, Eric, author., Stricchiola, Jessie, author.; Spencer, Stephan M., author. (2023). The Art of SEO : mastering search engine optimization. O'Reilly Media Inc, Fourth edition.. Libro. [\[URL\]](#)
- Matthew MacDonald (2020). WordPress: The Missing Manual, 3rd Edition. O'Reilly Media, Inc.. Libro.
- Woods, Dan, 1960-, Thoeny, Peter. (2007). Wikis for dummies. Wiley. Libro. [\[URL\]](#)

Bibliografía Complementaria

- Carazo Gil, Francisco Javier. (2012). Domine WordPress : manual práctico. RA-MA Editorial. Libro. [\[URL\]](#)
- Maciá Domene, Fernando, LeBUC; Gosende Grela, Javier (2014). Posicionamiento en buscadores. Anaya Multimedia, Ed. digital. Libro. [\[URL\]](#)
- Richardson, William. (2010). Blogs, wikis, podcasts, and other powerful web tools for classrooms. Corwin Press, 3rd ed.. Libro. [\[URL\]](#)